

## **BAREMO PARA PONDERAR FORMACIÓN RECIBIDA E ANTIGÜIDADE NA ADMINISTRACIÓN PARA ACTIVIDADES FORMATIVAS DA EGAP**

Desenvolvendo a Resolución de 4 de xaneiro de 2008 na que se actualizan os criterios de participación nas actividades formativas de EGAP, na que atinxe ó punto 4º dos Criterios xerais de selección, establécese un baremo para ponderar as horas de formación recibidas ou recoñecidas pola EGAP nos últimos dous anos, coa antigüidade na Administración.

O baremo consta de 100 puntos e se plasma do seguinte xeito:

### 1. Horas de Formación:

- Máximo de 80 puntos no caso de non ter recibida ningunha formación nos dous últimos anos, puntuación irá decrecendo gradualmente ata acadar os 0 puntos no caso de ter recibido 240 horas ou máis de formación nos dous últimos anos nas actividades formativas da EGAP.
- Aos efectos deste cómputo dos dous anos naturais tomaráanse como datas de referencia a data inicial do prazo de matrícula e como data final a data do último día dos cursos realizados ou homologados.

### 2. Antigüidade:

2.1. 4 puntos por trienio ate un máximo de 5 trienios.

2.2. Cando se trate de persoal do que non se teñan datos relativos aos trienios, calcularáse da seguinte forma:

- 4/3 puntos por ano completo traballado ate un máximo de 15 anos de antigüidade.

Ademais, e conforme ó punto 4º dos Criterios específicos da devandita Resolución, haberá unha puntuación adicional dun 20 % para aquelas persoas que estean gozando ou gozasen, nos últimos dous anos de:

- Licenza de maternidade.
- Permiso de paternidade.
- Redución de xornada ou excedencia para o coidado de familiares.